

1.2. A transición demográfica

A poboación española seguiu dinámicas moi distintas ao longo do tempo. Para explicar cada etapa, os **demógrafos** remiten ao chamado **modelo de transición demográfica**. Este modelo é unha teoría que serve para explicar como a poboación do Reino Unido pasou dun crecemento case nulo, debido a unha elevada mortalidade, a un crecemento practicamente nulo tamén motivado por unha baixa natalidade. Este modelo aplícase á dinámica da poboación de moitos países europeos, entre eles España.

Na actualidade, algúns autores poñen en dúbida a utilidade do modelo porque cada espazo presenta as súas peculiaridades. No entanto, séguese a estudar porque ofrece un marco xeral útil.

O modelo de transición demográfica permite comparar, explicar e valorar a dinámica da poboación española en relación coa doutros países de Europa. Deste estudo derívanse tres consideracións: o enorme desfasamento no tempo entre o que acontece, por exemplo, no Reino Unido e en España; que ambas as dúas situacións presentan moitas semellanzas pero tamén diferenzas notables, e constatar a rapidez con que a poboación española cubriu as **catro etapas do modelo** de transición demográfica durante o século XX.

FACTORES DEMOGRÁFICOS

No estudo da dinámica da poboación interveñen unha serie de factores demográficos esenciais que se calculan mediante taxas.

Taxa de natalidade
$\frac{\text{Número de nacementos nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1000$
Taxa de mortalidade
$\frac{\text{Número de defuncións nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1000$
Taxa de crecemento natural
Taxa de natalidade – Taxa de mortalidade
Taxa de fecundidade
$\frac{\text{Total de nacementos nun ano}}{\text{Total de mulleres entre 15-49 anos}} \times 1000$

Réxime demográfico antigo (FASE I)

Esta longa fase demográfica espállase dende o Neolítico ata finais do século XVIII en Gran Bretaña, e ata entrado o século XX en España. Caracterízase por **taxas de natalidade moi altas** e por **taxas de mortalidade tamén elevadas**.

A alta natalidade responde a unha fecundidade media duns cinco fillos por muller. Esta elevada fertilidade era necesaria no caso de considerarse que a mortalidade infantil facía estragos durante o primeiro ano de vida, e continuaba elevada ata os sete anos. A esperanza de vida en España, entre os anos 1880 e 1890, situábase tan só nuns 35 anos, debido ás duras condicións de vida, á falta de hixiene e aos escasos recursos médicos.


A elevada mortalidade, con bruscas oscilacións, foi debida ás epidemias, malas colleitas, guerras e catástrofes naturais. A Peste Negra (1348), por exemplo, reduciu a poboación das zonas afectadas a unha terceira parte nun único ano. Dadas estas condicións, a poboación apenas aumentaba, o que xustifica que esta etapa se denomine de **estabilidade demográfica**.

España, cunha poboación basicamente rural, prolongou notablemente esta fase. Non obstante, dentro do territorio español déronse situacións diversas. A partir dos datos do censo de 1881, obsérvase que a natalidade e mais a mortalidade se mantiñan moi elevadas na **España interior**, pero eran máis moderadas no **Sur**, en **Levante** e no **País Vasco**.

Unha excepción preséntaa a cidade de **Barcelona** onde, desde mediados do século XIX, se iniciou un proceso de industrialización que favoreceu un notable **aumento demográfico**, debido á constante afluencia de poboación rural cara á cidade. Nas **Illas Baleares** tamén medrou a poboación pola incipiente industrialización das illas de Mallorca e Menorca.




TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA (FASE I)



- Explica o comportamento da natalidade e da mortalidade na primeira fase do modelo de transición demográfica. En que se diferencia a poboación de España respecto deste modelo xeral?

POBOACIÓN DE ESPAÑA EN 1887



A pirámide correspondente a finais do século XIX amosa a importancia das poboacións moza e adulta, e a escasa esperanza de vida da poboación.

Durante a primeira fase do modelo, as colleitas eran inseguras e o transporte de alimentos moi caro, polo que o prezo do trigo, base da alimentación, constituía un auténtico barómetro demográfico. Cando o prezo do trigo era alto, baixaba o número de fillos e a fame facía estragos entre a poboación. Escena da malla de cereal no século XVII.

O crecemento demográfico (FASE II)

Nesta segunda fase do modelo, a natalidade continuou a ser alta, pero a **mortalidade comezou a descender**. Como consecuencia disto, houbo un notable crecemento demográfico. A redución da mortalidade debeuse, basicamente, ás melloras na alimentación e na hixiene.


Entre finais do século XVIII e comezos do XIX notáronse os primeiros efectos da Revolución Industrial en Gran Bretaña. Os progresos na agricultura acabaron coas famas catastróficas, xa que se introduciron novos cultivos e técnicas máis eficientes nos labores do campo; ademais había a posibilidade de lles vender os excedentes ás cidades mediante o uso do ferrocarril. Doutra banda, a difusión do uso do xabón, da roupa de algodón, máis lavable, e a recollida do lixo nas cidades foron un gran remedio contra as epidemias.

En España, a fase de estabilidade demográfica continuou ao longo do primeiro terzo do século XX, debido ao escaso desenvolvemento económico e social do país. No entanto, a partir desa data, España entrou na segunda fase do modelo de transición, cun **descenso continuado da mortalidade**, segundo ían mellorando a alimentación e mais a hixiene. A diferenza crecente entre a natalidade, que baixaba moi amodo, e a mortalidade, en descenso continuo, deu como resultado un **crecemento da poboación** que se viu interrompido pola Guerra Civil (1936-1939).

Pasados os tempos difíciles da posguerra, dende finais da década de 1950 ata a década de 1970, o incremento da poboación española no centro e mais no Sur peninsulares implicou unha forte presión demográfica nestas áreas, cun grande aumento da poboación moza. Esta presión explica o éxodo desde o campo cara ás capitais de provincia e cara ás zonas máis industriais como Cataluña, País Vasco e Madrid. Tamén se produciu unha emigración exterior cara aos países industrializados de Europa e cara a América Latina. Como consecuencia disto, mentres medraban as zonas urbanas e industriais, as terras interiores, basicamente agrarias, sufriron unha perda de poboación moza, isto é, do colectivo de persoas máis dinámicas e emprendedoras.




TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA (FASE II)



- Explica que indicador demográfico sufriu un maior cambio e por que o fixo durante a segunda fase do modelo de transición demográfica.

POBOACIÓN DE ESPAÑA EN 1970



A pirámide do ano 1970 reflicte unha natalidade elevada, en lento descenso, e unha mortalidade en rápida diminución. Como consecuencia disto, foi unha época de aumento da poboación.

En España, a comezos do século XX, a taxa de natalidade seguía a ser alta. Na imaxe pódese observar unha familia típica desa época.

- Dentro de que fase do modelo de transición demográfica se pode incluír esta imaxe? Como eran a fecundidade e mais a mortalidade nesa época? Por que?
- Que cambios comezaron a experimentarse no segundo terzo do século XX?

O axuste demográfico (FASE III)

En Gran Bretaña, esta terceira fase vivíuse entre finais do século XIX e a década de 1940. En España, desenvolveuse moito máis tarde, nos inicios da década de 1980. Nesta etapa, a mortalidade continuou baixando, debido á mellora da hixiene e da medicina (uso de vacinas). Pero a tendencia máis significativa foi o **descenso das taxas de natalidade** que se achegaron, na década de 1990, ás taxas de mortalidade. Con iso céntrase o ciclo do crecemento demográfico da fase anterior.

As causas que provocaron a redución da natalidade en España foron de tipo económico e de tipo social, como acontecera en Gran Bretaña moitos anos antes. O **control da fertilidade** adóitase dar cando os fillos deixan de representar unha axuda para a familia e un seguro para a velez dos seus pais. O descenso da natalidade coincide, polo xeral, coa escolarización obrigatoria, a prohibición do traballo infantil e o establecemento das pensións por xubilación.


Doutra banda, a baixa mortalidade infantil, o crecemento do consumo, o acceso da muller a postos de traballo remunerado e o cambio que representou o paso da familia rural extensa á estrutura familiar en parella foron, entre outros, os motivos que levaron á planificación familiar e ao descenso da natalidade.

O novo réxime demográfico (FASE IV)

En Europa e mais en España caracterízase por unhas taxas de natalidade e de mortalidade moi baixas, e por un **crecemento** da poboación **case nulo** e, mesmo, negativo. Ao mesmo tempo, os avances da medicina permiten **augmentar a esperanza de vida** ao redor dos 80 anos.


En España, esta cuarta fase durou dende finais da década de 1990 ata o alborear do século XXI, no que se viu interrompida por un aumento da natalidade vinculado, en gran parte, á chegada de inmigrantes estranxeiros.

MODELO DE TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA




- Analiza a evolución da natalidade e da mortalidade na cuarta e derradeira etapa.

TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA (FASE III)




- Sinala o comportamento da natalidade na terceira fase da evolución demográfica.

POBOACIÓN DE ESPAÑA EN 1980



A pirámide de 1980 amosa un descenso da natalidade e un aumento significativo da esperanza de vida.

POBOACIÓN DE ESPAÑA EN 1995



A pirámide de 1995 reflicte unha diminución cada vez máis acusada da natalidade e unha esperanza de vida elevada.